

Concello de Outes

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de agosto de 2019
Duración	Desde as 21:00 ata as 22:26 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MÍRIAM NAVEIRA DONO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	NON
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SÍ
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	SÍ
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SÍ
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SÍ

Concello de Outes



Concello de Outes

76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SÍ
Escusas de asistencia presentadas:		
1. ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA: «ASUNTOS PARTICULARES»		

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Pleno da Corporación, previa lectura, trala correspondente deliberación e por unanimidade, acorda a aprobación da acta da sesión anterior, celebrada con data do 29 de agosto de 2019.

2. Dación de contas das resolucións da Alcaldía.

3. Acordo de non dispoñibilidade de créditos.

Expediente 482/2019. Planificación Orzamentaria

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Debate

Concello de Outes



Concello de Outes

Introduce o punto o Sr. Alcalde para facer referencia a que consiste en acordar a indispoñibilidade do crédito dunha serie de partidas orzamentarias debido ó incumprimento da regra do gasto no exercicio 2018, polo que deben recortarse créditos no orzamento de 2019, por un total de 85.723,41 euros: unha parte da partida de órganos de goberno (partida orzamentada que o goberno non imos a gastar); administración xeral de proxectos e redacción de obras; e mantemento de parques e xardíns.

Toma a palabra a Sra. Molinos, facendo referencia ó seu acordo coa solución adoptada.

Igualmente, a Sra. Suárez Castro adianta a abstención do BNG.

E, por último, desde o PSOE entende que é un desaxuste económico herdado do goberno anterior, e adianta o seu voto a favor.

Finalizado o debate, prodúcese a **votación**, que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 4 votos a favor
- BNG: 2 abstencións
- Grupo mixto-PSOE: 1 voto a favor.

En consecuencia, examinada a totalidade do expediente, considerando o informe de Intervención de data 21 de agosto, en relación coa imposición das medidas coercitivas do artigo 25 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, de conformidade co disposto no artigo 25.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, en materia de orzamentos, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. Adoptar as medidas coercitivas establecidas no artigo 25 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. declarándose non dispoñibles os seguintes créditos consignados inicialmente no estado de gastos do Orzamento Xeral do Concello de Outes do exercicio 2019, procedendo a reter os mesmos para a súa non

Concello de Outes

utilización:

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Importe	Fonte de financiamento	Motivación
Funcional	Económica (Cap. Art. Concepto)				
912	10000	Órganos de goberno. Retribucións básicas	7.200,00 €	Recursos propios municipais	Aprobación por Pleno en data 15/07/2019 da proposta sobre dedicacións exclusivas e parciais
912	16000	Órganos de goberno. Cotas sociais	1.700,00 €	Recursos propios municipais	Aprobación por Pleno en data 15/07/2019 da proposta sobre dedicacións exclusivas e parciais
912	23300	Órganos de goberno. Outras indemnizacións	10.000,00 €	Recursos propios municipais	Aprobación por Pleno en data 15/07/2019 da proposta sobre indemnizacións por asistencias
920	22707	Administración xeral. Proxectos e direccións de obras	18.000,00 €	Recursos propios municipais	Redución contratos externos
171	21000	Parques e xardíns. Mantemento de infraestruturas e bens naturais	48.823,41 €	Recursos propios municipais	Redución contratos externos
TOTAL			85.723,41 €		

Concello de Outes

Concello de Outes

SEGUNDO. Comuníquese a decisión do Pleno á Intervención aos efectos oportunos, e dese conta do acordo á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

4. Aprobación dos Estatutos da Asociación “Camiño da Ría de Muros e Noia”.

Expediente 758/2018. Convenios (Aprobación, Modificación ou Extinción)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Introduce o punto o Sr. Alcalde facendo referencia a que se trata da aprobación dos Estatutos da Asociación Camiño de Santiago da Ría de Muros e Noia, da que pasaremos a formar parte. É un proxecto antigo, que consiste en tentar que se recoñeza un novo tramo do Camiño de Santiago, que se chamaría “Camiño da Ría de Muros e Noia” e que pasaría polo Concello de Outes, entendendo que é un proxecto de interese desde o punto de vista do turismo, que precisa de recoñecemento por parte da Xunta de Galicia e que, no seu caso, deberá facerse a correspondente achega económica.

D^a Beatriz recoñece que é unha labor que xa se comezou no ano 2016, e entenden que é unha integración beneficiosa para o Concello en distintos ámbitos, polo que adianta o voto a favor.

D^a María Xosé tamén valora favorablemente esta iniciativa e adianta o voto a favor.

E, por último, D. José Antonio reitera que positividade de pasar a formar parte do Camiño de Santiago, polo que tamén adianta o seu voto a favor.

Finalizado o debate, prodúcese a **votación**, que amosa o seguinte resultado:

Concello de Outes



Concello de Outes

- CO: 5 votos a favor
- PP: 4 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo mixto-PSOE: 1 voto a favor.

En consecuencia, considerando a adhesión ó Convenio de colaboración entre os Concellos de Ames, Brión, Lousame, Muros, Noia, Outes, Porto do Son e Santiago de Compostela para a delimitación do itinerario cultural a Santiago de Compostela da Ría de Muros e Noia, efectuada por Decreto de Alcaldía 290/2018;

Visto o informe de Secretaría asinado con data de 22 de xullo de 2019, así como o informe de fiscalización previa do Servizo de Intervención, asinado con data de 21 de agosto de 2019;

Examinada a documentación que e acompaña e en virtude do previsto no artigo 21. 1, 22 e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación procede á adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Acordar a constitución da Asociación Camiño da Ría de Muros Noia na que se integrará o Concello de Outes.

Segundo.- Prestar conformidade ao borrador de estatutos da Asociación Camiño da Ría de Muros Noia (anexo I).

Terceiro.- O pago das cotas por parte deste concello realizarase polo órgano competente o cal debe autorizar e comprometer o gasto correspondente previa fiscalización da intervención municipal.

Cuarto.- Designar como representante do concello de Outes na Asociación ó Alcalde, D. Manuel González López.

Quinto.- Facultar ó señor alcalde do concello de Outes para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado

ANEXO I

ESTATUTOS

ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA

Concello de Outes



Concello de Outes

CAPITULO I.- DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º. Constitución e denominación.

1. Constitúese unha Asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A Asociación ten a seguinte denominación: "ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA"

2. A Asociación rexeráse polos presentes estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º. Domicilio social.

No momento da constitución o domicilio da Asociación radicará na Casa do Concello de Lousame, en Portobravo, nº 1, Lousame (A Coruña).

Artigo 3º. Ámbito territorial.

A Asociación, en función dos seus fins e do seu emprazamento social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial dos concellos que a integran. Poderá, en todo caso, realizar actuacións fóra deste territorio sempre que respondan á finalidade e obxectivos recollidos nestes Estatutos.

Artigo 4º. Duración

1. A Asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

3. A Asociación rexeráse segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º. Fins da Asociación.



Concello de Outes

1. A Asociación constitúese coa finalidade principal a promoción da ruta xacoba coñecida como Camiño da Ría de Muros Noia, con independencia de que poida tomar outra denominación en función do que determinen as investigacións históricas ou os recoñecementos oficiais.
2. Son fins principais da Asociación:
 - a. A delimitación do itinerario histórico da ruta e o seu recoñecemento oficial como Camiño de Santiago a efectos de patrimonio cultural e ruta turística xacoba.
 - b. A investigación, documentación, catalogación, difusión e fomento da cultura xacoba e do patrimonio natural e cultural dos concellos implicados.
 - c. Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño da Ría de Muros Noia, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño da Ría de Muros Noia.
 - d. Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e cultural do Camiño da Ría de Muros Noia.
 - e. Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño da Ría de Muros Noia.
 - f. Canalizar a promoción turística do Camiño da Ría de Muros Noia, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.
 - g. Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño da Ría de Muros Noia.
 - h. Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
 - i. Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.
 - j. Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
 - k. Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.
 - l. Representar aos concellos do Camiño da Ría de Muros Noia en canto a proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.



Concello de Outes

- m. Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño da Ría de Muros Noia leven a cabo outros organismos públicos e privados.
- n. Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.

3. Para levar a cabo os seus fins a Asociación poderá:

- a. Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
- b. Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño da Ría de Muros Noia nos concellos membros.
- c. Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- d. Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
- e. Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
- f. Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- g. Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.
- h. Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos

CAPÍTULO II.- DOS ASOCIADOS

Artigo 6º. Admisión de asociados.

1. A Asociación está integrada, no momento da súa constitución, polos concellos de Ames, Brión, Lousame, Muros, Noia, Outes, Porto do Son, Rois e Santiago de Compostela.

2. Poderán formar parte da Asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño da Ría de Muros Noia, unha vez este oficialmente delimitado e con independencia da denominación oficial que se adopte. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.

3. A alta será solicitada polo alcalde ou Presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da Asociación, quen dará conta á Asemblea Xeral, que acordará acceder ou non á admisión.

4. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación



Concello de Outes

correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da Asemblea Xeral.

5. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á Asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 7º. Dereitos dos membros da Asociación.

Son dereitos dos membros da Asociación:

- Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
- Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
- Participar nas áreas da Asociación.
- Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- Ter coñecemento da execución do orzamento.
- Solicitar ao Presidente reunir á Asemblea Xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º. Obrigas dos socios da Asociación

Son obrigas dos membros da Asociación.

- Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da Asociación e os seus órganos de goberno.
- Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.
- Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

Artigo 9º. Perda da condición de socio.

A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

1. Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.4.
2. Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da Asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes



Concello de Outes

- poderá ser membro da Xunta Directiva.
3. Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a Asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
 4. Perderase a condición de socio da Asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

Artigo 10º.- Membro amigo

- a. Poderán participar na Asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño da Ría de Muros Noia.
- b. A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da Asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.
- c. Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño Inglés. Será a Asemblea Xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

CAPÍTULO III.- DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º. Órganos de goberno.

Os órganos de goberno da Asociación son os seguintes:

-Asemblea xeral onde están representados todos os socios.

-Xunta directiva, que é o órgano do goberno da Asociación e está formada polo Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e un Vogal

Artigo 12º. A Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral é o órgano soberano da Asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá na persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.



Concello de Outes

Artigo 13º. Competencias da Asemblea Xeral.

Son competencias da Asemblea Xeral:

- Aprobar a modificación dos estatutos.
- Aprobar o plan de actuacións da Asociación.
- Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno.
- Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias.
- Disolver a Asociación.
- Establecer a estrutura organizativa.
- Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

Artigo 14º. Reunións ordinarias e extraordinarias da Asemblea Xeral.

1. As sesións que celebre a Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
2. A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.
3. A Asemblea reunirase con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.
4. As reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a Asemblea Xeral sempre que asistan o Presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta o Secretario da Asociación.



Concello de Outes

Artigo 15º. Convocatoria das reunións da Asemblea Xeral

1. Tanto para a Asemblea Xeral ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.
2. Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta Asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º. Acordos da Asemblea Xeral.

Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.

Artigo 17º. Presidencia da Asemblea Xeral.

As reunións da Asemblea Xeral estarán presididas polo Presidente, asistido do Secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Artigo 18º. Elección de órganos unipersoais.

1. A Presidencia da Asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola Asemblea Xeral. O Vicepresidente, o Secretario, Tesoureiro e o Vogal que completan a Xunta Directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen.
2. A Vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º. Mandato dos membros da Xunta Directiva.

1. A duración do mandato do Presidente será de catro anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos pola



Concello de Outes

seguintes causas:

- A. Por dimisión, comunicada por escrito á Asemblea.
- B. Por perda da condición de membro da Asociación.
- C. Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte Asemblea Xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.

3. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de Presidente, Secretario e Tesoureiro.

Artigo 20º. Atribucións do Presidente.

O Presidente da Asociación serao tamén da Asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- Representar á Asociación.
- Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e vogo de calidade.
- Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e voto de calidade.
- Ordenar e autorizar pagos.
- Asinar en nome da Asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da Asemblea Xeral.

CAPÍTULO IV.- DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 21º. Atribucións da Xunta Directiva.



Concello de Outes

1. A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- i. A aprobación do programa de traballo e proxectos da Asociación.
- ii. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola Asemblea Xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- iii. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da Asociación e dea parte á Asemblea Xeral.
- iv. Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- v. Decidir sobre cuestións reservadas á Asemblea Xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola Asemblea Xeral na seguinte sesión que celebre.
- vi. Velar polo bo funcionamento da Asociación.
- vii. As competencias que o Presidente ou a Asemblea Xeral deleguen nela.

2. A duración do mandato dos membros de Xunta Directiva será de catro anos, podendo seren reelixidos pola Asemblea Xeral seguindo os criterios do Capítulo III art. 18 dos presentes estatutos.

Artigo 22º. Funcións da Secretaría e da Tesourería.

Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da secretaría:

- A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
- Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da Asociación.
- Levantar actas dos acordos chegados na Asemblea Xeral e a Xunta Directiva e expedir certificacións destas co visto e prace do Presidente.

2. Son funcións da Tesourería:

- Custodiar os fondos da Asociación e levar en orde a contabilidade..
- Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente.
- Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da Asociación.



Concello de Outes

CAPÍTULO V.- RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 23º. Patrimonio da Asociación.

1. A Asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- a. Terá un carácter non lucrativo.
- b. Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
- c. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta Asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- d. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.
- e. Os beneficios obtidos pola Asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- f. Anualmente a Xunta Directiva presentará á Asemblea Xeral a unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral.
- g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a Asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.

2. O patrimonio da Asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

3. A dotación patrimonial da Asociación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da Asociación e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.

Artigo 24º. Recursos económicos da Asociación.

1. Os recursos da Asociación procederán de:

1. A Asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:



Concello de Outes

- a. As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.
- b. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos.
- c. As subvencións ou doazóns que se reciban.
- d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola Asemblea Xeral.

3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.

4. A Asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta Asociación.

5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da Asociación, nese caso o peche será o da Asemblea Xeral que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

CAPÍTULO VI.- MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 25º. Modificación de Estatutos.

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos asistentes.

CAPÍTULO VII.- DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 26º. Acordo de disolución.



Concello de Outes

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:

- a. Por acordo da Asemblea Xeral extraordinaria.
- b. Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- c. Por resolución xudicial e firme.

2. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira. En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación.

5. Aprobación dos proxectos do POS + 2019 - ADICIONAL - 2ª Fase.

Expediente 776/2018. Subvencións Solicitadas a Outra Administración

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentime
to

O Sr. González explica o punto brevemente, referindo que se trata da aplicación dos remanentes que, no seu caso, se producen e a Deputación de A Coruña achegará ós Concellos; paralelamente, modifícase o proxecto xa aprobado da "Praza en Valadares", xa que conta cunha parte que non foi autorizada polo Servizo de Patrimonio da Xunta, polo que se seguen a facer as mesmas obras incluídas nel, excepto a problemática da praza, dando lugar ó proxecto que agora se denomina "Camiño da fonte en Lestaio". A este proxecto sumamos o de "Humanización da rúa da Capela" e "Mellora



Concello de Outes

do paseo en Pontenafonso”.

Os tres grupos da oposición, amosan a conformidade coa aprobación de obras cuxa execución redunde en beneficio dos veciños de Outes, adiantando o voto a favor; puntualízanse polos distintos grupos determinadas cuestións técnicas relativas ós proxectos a aprobar.

Finalizado o debate, prodúcese a **votación**, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 4 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo mixto-PSOE: 1 voto a favor.

En consecuencia, considerando, que con data 17/12/2018, o Pleno da Corporación de Outes aprobou os investimentos do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único concellos) “POS+ 2019” da Deputación da Coruña, no que figuraban, entre outros, os investimentos a incluír no Plan Adicional do ano 2019 e que ascendía a un importe total de 200.032,70 €.

Con data 03/05/2019, recíbese notificación do antedito ente provincial da concesión dunha maior achega no Plan Complementario denominado POS+ Adicional 1/2019 e que ascende ao importe total de 421.826,18 € (tendo en consideración o importe dos investimentos incluídos inicialmente).

Con data 02.05.2019 recíbese a Resolución do Servizo de Xestión Cultural da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia na que se denega a autorización para levar a cabo as actuacións previstas no proxecto da obra Praza en Valadares e Outros, incluído no POS Adicional 2019 e para o cal se solicita a correspondente achega.

Con data 15.05.2019, a Alcaldía do Concello de Outes ditou a Resolución 2019/0113, pola que ratificaba a participación na primeira fase do Pos + Adicional 1/2019.

Con data do 08/08/2019, dítase Decreto de Alcaldía 232/2019, modificando a participación anterior, polas razóns de imposibilidade de execución da obra indicada e confirmando a aplicación da maior achega provincial.

Por todo o exposto, vista a necesidade de levar a cabo a aprobación dos novos proxectos para o destino da maior achega provincial concedida, en



Concello de Outes

virtude das atribucións conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación procede á adopción do seguinte

ACORDO

1.- “Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos Adicional 1/2019)** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
CAMIÑO DA FONTE EN LESTAI0 (VALADARES) E OUTROS	80.513,10	-	80.513,10
HUMANIZACION DA RUA DA CAPELA (OUTES)	136.848,77	-	136.848,77
MELLORA DO PASEO DE PONTE NAFONSO CONCELLO DE OUTES	65.080,27	-	65.080,27
TOTAL	282.512,14	-	282.512,14

Maior achega provincial asignada ao concello	
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	139.314,04 €
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	282.512,14 €

Concello de Outes



Concello de Outes

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Concello de Outes



6. MOCIÓNS.

- Non hai mocións de urxencia.

- Mocións dos distintos grupos.

Expediente 777/2019. Procedemento Xenérico

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

- Bloque Nacionalista Galego de Outes.

1. BAÑOS BROÑA.

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de motivos:

A praia de broña é o areal máis concorrido no noso concello durante os meses de verán. A diario cóntanse por centos as persoas que se achegan para pasar o día alí. A ausencia duns baños públicos levan anos causando molestias aos veciños e veciñas xa que moitos visitantes rematan por facer as súas necesidades en propiedades privadas ou lugares non aptos para tal fin.

En base ás demandas que recibimos por parte da veciñanza e a afluencia que rexistra dito areal, cremos urxente a creación duns baños públicos, e condicións e adaptados a persoas con mobilidade reducida, na praia de broña.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes a adopción do seguinte

ACORDO

-Que o goberno local, tras os trámites precisos, constrúa baños públicos próximos á praia de Broña.

Debate

O Alcalde cede a palabra ós demais grupos, de xeito que desde o Partido Popular adiantan a súa abstención, xa que consideran que debe facerse un estudo previo de viabilidade; e desde o PSOE afirman que coinciden coa necesidade destes baños, e recalcan que será tanto ou máis importante o seu mantemento e limpeza como a colocación dos mesmos; agora ben, na



Concello de Outes

data na que estamos, non se considera urxente, polo que tamén adianta a abstención.

O Alcalde, respecto do grupo de goberno, adianta o voto a favor, xa que recoñece que é unha xa vella demanda súa cando estaban na oposición, tanto é así que xa está solicitado un estudio técnico para a construción dos baños.

Finalizado o debate, prodúcese a **votación**, que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 4 abstencións
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo mixto-PSOE: 1 abstención.

Polo tanto, a moción resulta **aprobada**.

2. ESCOLA INFANTIL.

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de motivos:

A conciliación familiar é unha das prioridades que debe ter a corporación municipal de Outes para afrontar os vindeiros anos. Debemos ter capacidade para ofrecer alternativas ás familias que deciden ficar en Oute e axudar, tamén, a estimular o crecemento demográfico do noso concello. Isto só pasa ofrecendo servizos de conciliación ás familias para que poida compaxinar, da mellor maneira posíbel, o seu traballo coas súas responsabilidades no fogar.

O concello de Outes conta actualmente cun Punto de Atención a Infancia que, ofrecendo un servizo necesario e especializado, non é suficiente para atender a demanda actual nin cubre as necesidades de moitas familias n



Concello de Outes

noso municipio. Dende o BNG temos claro que a existencia do PAI é perfectamente compatíbel coa instalación dunha escola infantil pública e que isto significaría un considerable avance na calidade de vida da veciñanza con crianzas ao seu cargo.

Para isto consideramos que é necesario e urxente que o concello comece os diálogos e trámites precisos coa Xunta para instalar unha escola infantil pública “Galiña Azul” no noso municipio.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

-Que o goberno municipal comece os diálogos e trámites precisos coa Xunta para instalar unha escola infantil pública “Galiña Azul” no noso municipio.

Debate

Comeza o debate D^a Beatriz Molinos referindo que entenden que non ha lugar a debater unha proposta que o grupo de goberno xa ten no seu programa, tal e como rexeitaban as mocións que se propoñían deste xeito cando o seu partido estaba no goberno; desde o Partido Socialista, coinciden ca necesidade de creación desta escola; e finaliza o Alcalde que adianta o voto a favor, aínda que efectivamente xa se están a levar a cabo, pero non costa nada estar de acordo e votar a favor da moción, se ben o goberno está traballando na ampliación do actual PAI, que prestará uns servizos moi parecidos a unha escola infantil, sen ter que agardar á realización de todos os trámites necesarios para a creación dunha escola infantil propiamente dita.

Finalizado o debate, prodúcese a **votación**, que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 4 abstencións
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo mixto-PSOE: 1 voto a favor.

Polo tanto, a moción resulta **aprobada**.



Concello de Outes

3. PISCINA MUNICIPAL.

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de motivos:

Nos últimos anos o complexo enteiro da Piscina Municipal (ximnasio incluído) pecha, durante todo o mes de agosto, por labores de mantemento.

Os usuarios quedan pois, sen servizo, durante un mes enteiro mentres que noutros concellos da contorna ditos peches por cuestión de mantemento só duran 15 días manténdose o ximnasio aberto durante ese período.

Dende o BNG entendemos que as labores de mantemento na piscina non deberían afectar de ningunha maneira ao normal funcionamento do resto de instalacións deportivas que se atopan no complexo e que, polo tanto, se deberían realizar as xestións pertinentes para que o ximnasio non se peche no mes de agosto.

No referente ao ximnasio tamén temos recibido diferentes peticións de veciños que solicitan un monitor de sala que lles indique aos usuarios o debido funcionamento das máquinas e lles asesore nas súas actividades físicas así coma a modificación do horario do complexo para que non peche ao mediodía e se adapte máis as súas vidas laborais/familiares.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes a adopción do seguinte

ACORDO

- Que o goberno local, despois dos trámites precisos, proceda contratación de persoal formado de monitor de sala.
- Que o goberno local, despois dos trámites precisos, realice as xestións correspondentes para que, nos vindeiros anos, o ximnasio non peche durante o mes de agosto as labores de mantemento da piscina se reduza en tempo se é posíbel.
- Que se realicen as xestións pertinentes para evitar o peche da piscina a mediodía.

Debate

Toma a palabra a portavoz do grupo popular, que adiantan a súa abstención en vistas á necesidade do correspondente estudo d



Concello de Outes

viabilidade; e o portavoz do grupo mixto, que coincide na necesidade de ter as instalacións pechadas o mínimo tempo imprescindible; desde o goberno toma a pala o Concelleiro de deportes, que adianta o voto a favor da moción, por coherencia con todo o solicitado nos catro anos anteriores desde a oposición, e por necesidade, como amosa a presentación en xuño de 2018 de máis de 200 firmas dos veciños en aras a estas cuestións; non obstante, para facer estas actuacións é necesario aprobar a correspondente ordenanza, e espérase o apoio de todo o Pleno, no seu momento, para levala a cabo.

Finalizado o debate, prodúcese a **votación**, que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 4 abstencións
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo mixto-PSOE: 1 voto a favor.

Polo tanto, a moción resulta **aprobada**.

4. TRATAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS.

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de motivos:

Como corporación municipal unha das nosas principais preocupacións debe ser a preservación da contorna natural así como da saúde pública. Unha das tarefas pendentes, neste eido, do noso concello segue a ser o tratamento efectivo das augas residuais. É importante e urxente avanzar no tratamento das augas residuais por varios motivos, un dos máis importantes a nivel económico é a preservación das condicións óptimas para a explotación marisqueira na nosa ría que se pode ver afectada permanentemente se non se lle da remate á constante contaminación que sofren as augas dos concellos que verten ao Tambre e á Ría.

Dende o BNG cremos que a mellor maneira de avanzar no tratamento das augas residuais é un debido análise dos sistemas xa implementados e qu



Concello de Outes

remate nun debido informe planificado de actuacións a acometer, segundo a capacidade económica do noso municipio, para conseguir un concello que trate ao 100% as súas augas.

Dito plan debería estar elaborado seguindo os oportunos informes profesionais que aconsellen as tecnoloxías a implementar ou actualizar nun prazo marcado de execución que propoñemos non sexa superior aos oito anos.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

-Que o goberno local analice, en profundidade, a situación actual do tratamento de augas residuais no noso concello e elabore, en consecuencia, un plan detallado para a actualización e implementación nas zonas inconexas de dito servizo.

Debate

Tódolos demais partidos confirman que, efectivamente, sería a situación ideal que todos os veciños contasen con saneamento, polo que adiantan o voto a favor. Matiza o Alcalde que a situación actual deste servizo é moi precaria, como amosan os estudos de Augas de Galicia sobre a EDAR, que leva moito tempo sen funcionar como é debido por falta de mantemento, e que afortunadamente xa leva aparellado un plan de actuación, e que será algo a abordar polo Pleno da Corporación porque suporá unha grande inversión de recursos municipais.

Finalizado o debate, prodúcese a **votación**, que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 4 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo mixto-PSOE: 1 voto a favor.

Polo tanto, a moción resulta **aprobada**.



C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

1. ROGOS ORAIS.

- PARTIDO POPULAR.

D^a Beatriz Molinos roga que, na primeira oportunidade que se teña, se inclúa o proxecto da praza de Valadares.

- BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:

Na mesma liña, solicita que se actúe na contorna da Igrexa de Outes.

- PARTIDO SOCIALISTA:

1. Rógase o cambio das bombillas no paseo de Pontenafonso.

2. Rógase o emprego dunha linguaxe máis clara e común, e menos técnica, nos expedientes tramitados.

2. ROGOS ESCRITOS.

ROGOS BNG

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de



Concello de Outes

Administración

Local de Galiza formula os seguintes rogos:

-O goberno local foi consentindo, durante anos, a acumulación de lixo e outros residuos de titularidade municipal no espazo aberto situado fronte da EDAR da

Serra. Esta acumulación desorganizada de lixo e outros enseres da unha imaxe

negativa completamente inaceptábel tendo en conta a súa proximidade ao paseo

fluvial e a zona protexida da marea. Rogamos que se actúe canda antes para

adecentrar o devandito espazo.

-As instalacións do club TAXAMAR atópanse nunha situación inaceptábel. Consideramos urxente que se emprendan accións para a adecentación do edificio.

Rogamos que o goberno local actúe para mellorar as instalacións do club TAXAMAR.

-Durante o decorrer da tarde do AtardeSer en Broña, a confraría de Noia, previa

chamada ao alcalde, dirixiuse a limpar a praia, pola acumulación de algos nos

días anteriores, co fin de salvar o marisco. Nesta situación, o concelleiro de Eventos, dirixiuse de xeito despectivo e de malas maneiras aos membros da confraría que estaban a desenvolver o seu traballo con total normalidade, seguridade e autorización previa. Ante estas actitudes, rogamos aos concelleiros

membros do goberno local, que actúen con boas maneiras e en concreto, ao concelleiro de Eventos, que se disculpe coa confraría e as persoas involucradas

polas súas malas maneiras.

PREGUNTAS

1. PREGUNTAS ORAIS.

- BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

En que consiste a asesoría xurídica que se está a prestar ós veciños en



Concello de Outes

relación ó tema dos parques eólicos?

- PARTIDO SOCIALISTA.

1. Vaise facer algún seguimento dos vertedoiros incontrolados para limpalos e intentar que non se continúen a realizar?
2. Pretos a setembro, o goberno vai axudar con becas/bonos de transporte ou análogos, a alumnos que teñan que movilizarse a Santiago?

2. PREGUNTAS PLANTEXADAS NO ANTERIOR PLENO.

1. Do Partido Popular, respecto das obras a efectuar no Emilio Navasqués.

Contesta o Alcalde que as obras no campo de fútbol comezaron o 12 de agosto e as do colexio, están pendentes dun problemas con árbores que impiden as obras, pero comezaranse na semana seguinte.

2. Do Partido Socialista, respecto da concentración parcelaria do Concello nos lugares onde está feita.

Contesta o Alcalde que iso é competencia da Xunta de Galicia, se ben si que se é demandado polos veciños, se traslade esta necesidade ó organismo respectivo.

3. Do Partido Socialista, respecto da ocupación do paseo do río Tines por maleza que provén de fincas privadas.

Contesta a Concelleira de medio ambiente que se está indagando a titularidade das mesmas e ata que distancia debería ser competencia do Concello ou dos distintos particulares.

3. PREGUNTAS PRESENTADAS POR ESCRITO.

- PARTIDO POPULAR:

1ª PREGUNTA: O grupo de goberno pretende dotar dun “Servizo de Madrugadores” ao Colexio de Outes; quixeran coñecer varios aspectos ao



Concello de Outes

respecto:

A) ¿Cómo vai ser atendido este servizo? Contesta D^a Raquel Barreiro, que por medio dunha empresa externa.

B) ¿Qué atencións inclúe (almorzo, descanso etc.)? Servizo de monitores e coidadores, para que os nenos realicen actividades relaxantes e non se esgoten para a xornada escolar e, os nenos que así o desexen, almorcen aquilo que traian da casa.

C) ¿Cales serán as instalacións que se utilizarán para a prestación deste servizo? O edificio separado que se utiliza para as “Tardes divertidas”.

D) ¿Haberá un número mínimo de nen@s para que o servizo se poña en marcha, e haberá un número máximo de nen@s para poder acceder ao mesmo? Non se considerou un número mínimo, e estimamos un número máximo de 30 nenos para que estean ben atendidos por 2 monitores, estando xa na actualidade inscritos 21 nenos.

E) ¿Hai un regulamento ou algunhas normas que determinen e garantan o bo funcionamento do servizo? De ser así, ¿Cales son? Estamos traballando na súa elaboración, pero de momento sí, vaise prestar sen regulamento.

F) ¿Ten a ANPA algún papel neste servizo? De ser así ¿Cal é? Antes de poñer en marcha o servizo houbo reunións con toda a comunidade educativa, AMPA incluída, e todos estaban a favor, pero vai ser un servizo exclusivo do Concello.

G) ¿Canto lle custará ao Concello este servizo? Aproximadamente, uns 9.000 euros por curso académico, pero os orzamentos manexados son para que a mesma empresa se ocupe tamén



Concello de Outes

do servizo de tardes divertidas.

H) ¿Cánto lle custará aos pais, ou pola contra será prestado de balde? Dependemos do Plan Normativo e da ulterior ordenanza, polo que ó principio o servizo será de balde, e logo pasará a ter un custo.

2ª PREGUNTA: Tivemos coñecemento a través de varios veciños que non se están concedendo horas de utilización no Pabellón Polideportivo do Cruceiro de Roo:

A) ¿A qué se debe esta situación?

B) ¿É unha situación temporal ou permanente?

Contesta D. Daniel Rodríguez que a pista non estaba en condicións idóneas no momento no que se solicitou, pero sí, vai ser unha situación temporal.

3ª PREGUNTA: Algúns veciños fixéronnos chegar o seu descontento por a imposibilidade de subir fotos na páxina de Facebook oficial do Concello:

A) ¿Cal é o motivo para non poder facelo?

Por cuestións técnicas de orde, pero os veciños terán unha ferramenta para subir as súas demandas xa que se está traballando nunha aplicación web para a comunicación das incidencias veciñais.

- BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

1ª PREGUNTA: Temos entendido que a actuación prevista para a praza de Galicia foi paralizada con intención de modificar o plan inicial. Que se quer modificar do plan inicial?

Propuxéronse certos cambios na obra, para o acceso de autobuses e para poder manter árbores, que inicialmente se eliminaban todas, pero non son



Concello de Outes

cambios grandes do proxecto e non van retrasar as obras.

-O tanatorio situado na saída da Serra dirección Roo leva un par de anos pechado por orde xudicial. Cal é a súa situación xurídica actual con respecto ao concello?
Estase ou prevese pagar algún tipo de indemnización dende as arcas municipais?

Contesta o Alcalde que este é un tema complexo e un problema herdado, e o goberno está a buscar a mellor solución para que teña o menor impacto para os veciños e as arcas municipais de Outes.

Actualmente existe unha orde de derribo, derivada dunha sentenza do Tribunal Supremo, derribo que é posible que o teña que acometer subsidiariamente o Concello.

Por outro lado, existe un proceso de reposición da legalidade urbanística, xa que a obra non se axustou á licencia no seu momento, e iso é o que fai que sexa o propietario o que teña que facerse cargo do derribo, polo que agardamos que finalmente ó Concello non teña que supoñerlle ningún custe, xa que é responsabilidade subsidiaria do Concello.

- Nas últimas semanas foron colocadas un par de sinais nas inmediacións da Pontenafonso que limitan o acceso dos vehículos rodados de peso. Os veciños quéixanse de que dende entón os autobuses que cubren a liña pública xa non pasan por alí. Ten o goberno local coñecemento disto? Coñécese se se vai realizar algún tipo de actuación para a preservación da Ponte? Existe algún contacto coa Xunta en orde de acometer estas actuacións? Vaise proceder a comprobar que as liñas de transporte público continúen a recorrer este lugar?

Contesta o Alcalde que tiñan coñecemento do problema coas sinais, e xa se fixeron xestións ó respecto.

Si, se ben aínda non coñecemos o proxecto de posta en valor e arranxo



Concello de Outes

concreto, estamos en contacto co organismo respectivo.

Si, de feito tamén se fixeron xestións con “Mombus” para que cumpra coa concesión prevista e ofrezca o servizo correcto.

Finaliza a sesión ás 22:26 do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Vídeo do Pleno no enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=guIV2wCJuc8>

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:

